

SOLUCIÓNS: DÍA 30 DE MARZO

(Cando volvamos á clase resolveremos as dúbidas e faremos fincapé naqueles contidos máis básicos e importantes)

MATEMÁTICAS

1 A - 4 kg B - 3 kg C - 2 kg

2	KILOS	MEDIOS KILOS	CUARTOS DE KILO
	5	10	20
	6	12	24
	7	14	28

3 Lleva 125 kg de melocotones en total.

4 64 paquetes de medio kilo.

5 Álvaro se ha gastado 14,50 €.

6 Un paquete de café pesa medio kg.

7 Se necesitan 4 pesas de 1 kg y 1 pesa de un cuarto.

LINGUA GALEGA

Resumo

Vocabulario

- Ao engadir *des-, en-, in-, poli-, super-, tele-*, etc., diante dalgunhas palabras, formamos palabras novas.

Gramática

- Os demonstrativos son palabras que serven para sinalar ou mostrar algo.
- Os posesivos indican a quen pertence algo. levan diante o artigo determinado.

Ortografía

- A letra r soa forte:
 - Ao principio de palabra.
 - Despois de n, l e s.
 - Cando vai escrito rr entre vogais.
- No resto dos casos soa suave.

Literatura

- Nos contos, o espazo é o lugar onde suceden os feitos.
- O tempo é o momento en que se sitúa a acción.

1 Monosílaba, desembarcar, reunir, superheroe.

2 – Este martes temos un partido.
– Aparta de aí esa mesa por favor.
– Ves aquel barco alá no horizonte?
– Este cadro está torcido.
– Este bolígrafo non escribe.
– Esas uvas de aí xa están maduras.

3 – A túa avoa é a alcaldesa da miña vila.
– Elas traen os seus caldeiros e as súas pas.
– Desde a nosa casa vese o porto.
– O mariñeiro coida moito as súas barcas.

4 Actividade oral.

LENGUA CASTELLANA

6 – La profesora dijo: «Ahora hablarán Ana y Víctor».

– Aparecían los siguientes personajes: princesas, reyes y caballeros.

7 Respuesta libre. Ejemplos:

– El conserje del colegio nos preguntó: «¿No tenéis clase?».

– Estas son las verduras que menos me gustan: repollo, acelgas y coliflor.

CIENCIAS DA NATUREZA

Competencias

Aprender a aprender. A elaboración dun resumo da unidade de forma guiada reforza os coñecementos e prepara o camiño para realizar resumos de forma máis autónoma cada vez. Axuda a recoñecer o valor que teñen os resumos para aprender. É moi importante aprender a usar con precisión o vocabulario científico.

Solucionario

- 1 Resumo.** A maioría das plantas están formadas por tres elementos: raíz, *talo* e follas.
A raíz permítelles *absorber* auga e sales minerais. As *follas* permiten captar a luz do sol e absorber dióxido de carbono. Con todo iso, as plantas fabrican o *alimento*.

As plantas con *flores* reproducense mediante sementes. As flores conteñen os órganos reprodutores, que son os estames e o pistilo.

As plantas *anxiospermas* teñen flores complexas e as sementes están dentro de froitos.

As plantas *ximnospermas* teñen flores moi simples e as sementes están dentro de piñas.

As plantas sen flores son os *musgos* e os *fentos*.

- 2 Esquema.** As plantas realizan as tres funcións *vitais*: *nutrición*, *relación*, *reproducción*.

As plantas clasifícanse en plantas *con flores* e plantas *sen flores*. As plantas con flores divídense en *anxiospermas* e *ximnospermas*. As anxiospermas teñen sementes en *froitos*. As ximnospermas teñen sementes en *piñas*.

As plantas sen flores son musgos e fentos.